


Non haberá illa, pro hai o nome

Homenaxe a Antón Palacio

Editores:

Xose A. Fernández Salgado

Aquilino S. Alonso Núñez



AS CARTAS DE DONA VIRXINIA PEREIRA RENDA Á FAMILIA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO. UN EPISTOLARIO DO ÍNTIMO E DO EXILIO

Ana Acuña Trabazo

Universidade de Vigo
ganime@uvigo.es

1. Introducción¹

A nosa homenaxe a Antón Palacio entronca cunha liña de estudo do homenaxeado: Ramón Otero Pedrayo e a súa documentación localizada na Fundación Penzol, en concreto aquela relativa ás amizades do señor de Trasalba (Palacio 2012).

En efecto, nesta colaboración centrarémonos na muller que acompañou a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ao longo de moitas décadas (dende 1912 —data do casamento— ata 1950 —data da morte do rianxeiro—) e que gardou a súa memoria como unha «leona» en palabras dela. O noso achegamento a dona Virxinia Pereira Renda será a través das cartas redactadas por ela á familia de Ramón Otero Pedrayo.

Xa en 2006 Xesús Alonso Montero chamara a atención sobre unha epistológrafa que había que ter en conta porque, en palabras do profesor, dona Virxinia «escribe cartas moi interesantes, non exentas en ocasións de chispa literaria, en parte aprendida na prosa e na linguaxe do seu home» (Alonso Montero 2006: 18).

¹ Esta colaboración foi elaborada no marco do proxecto de investigación «Eco-Ficcións: Discursos emerxentes sobre muller e natureza en Galicia e Irlanda» MINECO-FEDER FEM2015-66937-P.

Se daquela Alonso Montero aludía ao papel de dona Virxinia Pereira e ao seu estilo, seis anos despois indicaba a necesidade de que os biógrafos de Castelao examinasen con lupa a figura da súa viúva (Alonso Montero 2012a: 172).

No mesmo ano 2012, no número 15 da revista *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, Xesús Alonso Montero daba ao prelo 6 cartas (3 delas inéditas) de dona Virxinia Pereira á familia de Ramón Otero Pedrayo. No primeiro punto abordado (e dentro das consideracións sobre o epistolario e a autora) o profesor advertía que

Está por facer a biografía de Virxinia Pereira Renda (A Estrada, 20/10/1884 - Madrid, 23/12/1969), un libro que sería moi útil mesmo para entender mellor a vida e a obra política de Castelao á sombra do cal viviu desde que casaron n'A Estrada o 19 de outubro de 1912. (Alonso Montero 2012b:127)

Non é a nosa pretensión facer esa —necesaria— biografía pendente, pero si achegarnos a Virxinia de Castelao (como ela asinaba) a través do seu epistolario á familia de Ramón Otero Pedrayo.

2. Dona Virxinia Pereira Renda

Virginia Nicolasa María de Gracia Tomasa (que todos eses nomes tiña) naceu o 20 de outubro de 1884 e foi a sétima de sete mulleres (logo virían 3 homes).

Era filla de Camilo Pereira Freigenedo, un ourensán do Carballiño (co alcume de «o demo») que exerceu como procurador dos tribunais do Partido Xudicial da Estrada e que tivo sona como avogado defensor de causas complexas, ademais dunha activa vida social, política e profesional (exerceu de xuíz).

A nai, Peregrina Renda López, era natural de San Bartolomeu (Pontevedra) aínda que as súas orixes paternas estaban na Estrada. Seica era moi boa muller e que, no futuro, lle tería moito aprecio ao xenro Castelao (Dourado Deira 1999).

É posible que, como imaxina Ramón Otero Pedrayo nunha carta do 22/07/1968, Virxinia fose «a mais leda e churrusqueira da vila». Con todo, a súa educación estivo dirixida polo pai a través dun mestre particular como corresponde a unha «familia de moito aquel, de alto «copete», pois «seu pai é avogado e seus cuñados rexistradores e altos militares» (Arca 1999: 21).

Tras o casamento dunha das irmás maiores (Sara) e a residencia desta en Compostela, as máis pequenas visítana a miúdo e nesa cidade coñecerían a

Castelao². Segundo unha entrevista a Teresa Castelao, Daniel, antes de mocear con Virxinia, foi mozo da súa irmá Eva:

Eva era a moza de Daniel, pero morreulle outra irmá, Enma, que estaba casada e tiña un fillo. Cando o pai soubo que o xenro que acababa de quedar viúvo quería casar de novo, fíxolle o casamento con Eva. Ou sexa: que Eva, que era noiva de Daniel, casou co cunhado recén viúvo. (Dourado Deira 1999: 102)

A pesar desta peculiar circunstancia e de que a familia puido non ver con bos ollos o noivado de Virxinia e Castelao, en 1912 foron casados por Antonio Rey Soto. Entre a parella houbo sentimentos profundos (Neira Vilas 2005: 87-88), non só de irmandade simbólica como cando firmaban as cartas dende o exilio «Virxinia e Manuela» (Castelao 2000: 350-351).

O matrimonio aséntase en Rianxo onde Castelao exerce como médico xeral. En 1914 nace o seu fillo (Afonso Xesús de Praga), ao pouco Castelao sofre o desprendemento de retina e abandona a medicina.

A familia trasládase a Pontevedra e Castelao ingresa no Instituto Xeográfico e Estatístico, ademais de exercer como profesor de debuxo. O fillo morre o 3 de xaneiro de 1928 con catorce anos e Virxinia acompaña a Castelao na súa viaxe pola Bretaña na procura dos cruceiros e dũaha certa paz interior. O estalido da guerra civil obrígaos a un exilio compartido por distintos lugares e en diferentes condicións. As penurias vividas en Nova York son descritas por Virxinia Pereira á muller do escritor asturiano e odontólogo Luís Amado Blanco o 24/06/1939:

Aquí la vida es bien distinta: trabajo, trabajo, y sin esperanzas de un porvenir claro. En este país es difícilísimo encontrar un medio de vida, y mes tras mes, vemos como se van liquidando las pocas pesetas que teníamos, y que las vamos estirando a fuerza de echar mil cuentas, pero que irremediamente tendremos que estrellarnos si la caprichosa suerte no quiere venir a nosotros. Este país no es para intelectuales. (Monteagudo 2014a: 84)

Exiliados finalmente en Bos Aires, Castelao enferma e Virxinia Pereira exerce de abnegada enfermeira e confidente ata a morte do home o 7 de xaneiro de 1950. Nos preliminares da doenza, en 1948, dona Virxinia descríbelle a dona Fita (compañeira de Otero Pedrayo) o seu penoso labor:

El total de inyecciones a llevar, es de 135, una cada tres horas sin alterar el orden, hasta terminar la dosis. Como yo soy la enfermera, puedes figurarte mi dolor de corazón cuando actúo de «verdugo». Parezco un profesional, porque por lo visto

² A biografía de Valentín Paz Andrade (2012) sobre Castelao ofrece detalles dos seus amores en Santiago de Compostela. Borobó (2000), a propósito da biografía sentimental de Castelao, sinala cinco mulleres na vida do rianxeiro: a nai, a irmá dos Dieste, Virginia, a Fisher e Xulia Becerra Malvar. Habería, pois, que engadir a Eva, a irmá de Virxinia Pereira.

pincho admirablemente, con serenidad y coraje, que es como mejor sale eso. Nada, que tomé en serio el cargo que me impusieron, y al terminar con Daniel, voy a tener que seguir pinchando donde sea y como sea. Yo sigo como siempre tirando de la vida, y sacando fuerzas de donde puedo, pues cuando lo veo sufrir a él, me acobardo y me aflijo mucho, pero no tengo más remedio que sobreponerme. (Alonso Montero 2012b: 136)

No esforzo de Virxinia Pereira para sobrepoñerse incide Rodolfo Prada nas letras escritas a Ramón Otero Pedrayo o 20/02/1950. Nelas, a propósito da morte de Castelao, coñecemos os detalles dos traballos e dos días da muller que o acompañou ata o derradeiro día:

santa, valerosa, estraordinaria muller. Non pode haber verbas suficientemente espresivas pra daren idea de como ista muller coidou o seu Danieliño... ¡Con que tenrura, con que celo, con que desvelo, con que subrime abnegación! Ela daba a sensación de ser pra Daniel tudo canto poida ser unha muller: esposa, nai, irmán, filla, amiga... Tudos ises aspectos, con túdolos sentimentos, con túdalas carauterísticas, se daban nela nos longos e tristes días da súa enfermidade [...] Tudo o tiña que faguer ela: a comidiña pra Daniel a tiñan que perparar as súas mans, e as súas mans lle a tiñan que dar; e lle tiñan que dar as meiciñas e as inieicións... E o mesmo foi no Sanatorio nos poucos días que alí sobreviviu. Por tudo elo —aparte haber sido sua muller e súa magnífica compañeira na noitada do eisilio— Virxinia é pra nós persoa sagra que terá o noso agarimo, a nosa adimirazón e a nosa gratitude namentras vivamos. (Alonso Montero 2006: 69-71)

Xa viúva, Virxinia Pereira ocupa o apartamento (ou «faroliño») e vive dos recordos. Volve á Terra en varias ocasións, quizais a primeira para levar os restos do seu fillo ata A Estrada; pero nunca abandona Bos Aires, porque alí descansaba o seu home. Morre en Madrid o 23 de decembro de 1969 con 85 anos e descansa no cemiterio de Figueroa, co seu fillo, grazas á acción dos estradenses.

No apartado seguinte veremos que a historia de Virxinia Pereira Renda, como ocorre coa historia das mulleres, empezou por unha historia do corpo e dos roles privados para converterse nunha historia das mulleres no espazo público da cidade, do traballo, da política, da guerra, da creación (Perrot 2008: 16-17).

3. Un epistolario do íntimo e do exilio

O epistolario de dona Virxinia Pereira a don Ramón Otero Pedrayo consta de 37 cartas e 3 telegramas a Ramón Otero Pedrayo (en 5 insérense palabras ou cartas para á súa dona, Fita) que datan dende o 6 de abril de 1950 ata o 26 de outubro de

1969. Está custodiado na Fundación Penzol e, como indicamos na introdución, 6 cartas foron editadas por don Xesús Alonso Montero (2012b)³.

As cartas de dona Virxinia á familia de don Ramón poden considerarse como un epistolario do exilio e do íntimo. Estas, redactadas tras a morte de Castelao, mostran os conflitos permanentes nos espazos de sociabilidade e outras cicatrices como as dificultades psicolóxicas e espirituais (Axeitos 2003: 19-65).

3.1. Análise do epistolario

Consideramos que é posible estudar o epistolario de dona Virxinia Pereira á familia de don Ramón Otero Pedrayo a partir de dous eixes: o do íntimo e o do exilio. Por tanto, en primeiro lugar, aludiremos ás estratexias da viúva para superar a morte da parella (negación da morte e afirmación da vida) e, en segundo lugar, referirémonos ás súas formas de atadura social (compromiso, lealdade, fidelidade e obriga).

Como é esperable, no epistolario iniciado tras a enfermidade e morte de Castelao está moi presente o loito, esa especie de morte social. Seguindo os estudos de Marcial Gondar (1991) sobre a vivencia da morte nas viúvas galegas, tamén nas cartas de Virxinia Pereira atopamos a busca da morte simbólica, a súa negación e a afirmación da vida, pasado xa o loito inicial.

A primeira estratexia debe entenderse de maneira simbólica, pois, na explicación de Marcial Gondar, a tensión fai que a viúva

tenda a vivi-la situación como algo para o que non se sente con forzas para defrontar [...] Mais porque a situación é vivida precisamente como desesperada, porque ningunha solución se ve, acódeuse ó procedemento de intentar «matar» aquela parte da nosa personalidade na que máis se senten os problemas. (Gondar 1991: 146)

Virxinia Pereira escribe nos primeiros momentos que se sente perdida, fóra do mundo dos vivos, coma nunha nebulosa, en silencio e orfandade (carta do 15/06/1958). Apesarada pola vida, explica que lle parece mentira seguir vivindo e que se sente como unha gaviota apresada e sen rumbo, a non ser as visitas aos «pagos» da Chacarita onde xace Castelao.

Sobre a segunda estratexia, negación da morte, as cartas de dona Virxinia aluden á conservación dos obxectos coma antes e á conservación da persoa perdida (de Castelao). Para Virxinia Pereira, a casa ou «faroliño» será o seu santuario, pois nel perduran os recordos de Castelao e, desta maneira, convértese nun refuxio tal e como recolle Gondar:

³ A Alonso Montero debemos a noticia deste epistolario e o noso posterior interese.

Cando un está nela pódese desembarazar de moitas máscaras que ten que poñer, en canto cruce a soleira, para «aparentar» ante os seus veciños; de sorte que é nela onde aparece o que el máis internamente é, onde é máis el mesmo. (Gondar 1991: 156)

A viúva de Castelao explícalle a don Ramón Otero Pedrayo esa dualidade de máscaras á que aludía o antropólogo máis arriba:

Verasme agora na representación de dúas Virxinias distintas val decir, a Virxinia «falsa» a «comediante» que pra loitar con este desacougado mundo que non quer saber nada de penas, ten que afogar as súas e asoballar os seus sentimentos, e a Virxinia real, a Virxinia verdadeira, que ferida a punta de lanza non atopa mais alivio que na soedade do seu fogar —o farol como lle chamaba o meu santo— pra chorar libremente con il, a única e triste realidade da súa ausencia. (Carta do 16/12/1950).

As misivas de don Ramón Otero Pedrayo, como formas de corporalización de Castelao, axudan á viúva a superar a perda. E ela mesma asinará as primeiras cartas como «Virxinia de Daniel» ou «Virxinia de Castelao». Pola súa parte, don Ramón considera a Virxinia, significativamente, irmá na vida e na morte.

Dícesme Ramón, que ti falas e hasta ries con il, pois ben, iso precisamente e o que me pasa a min de cote, i en cada volta vexo vir cara a min, aquiles seus brazos tan longos e tan amantíños, como si iles quixeran sinalarme o camiño que debo seguir. Meu Daniel. (Carta do 16/12/1950)

Canto ás estratexias de afirmación da vida, consideramos que a máis importante é a independencia económica que a mesma Virxinia Pereira considera necesaria para poder viaxar (por motivos de saúde ou non) a Lugo, Vigo, Salamanca, Madrid...:

Pensei que este vrán podria dar outra volta pola tan añorada TERRA, pero as cousas non sempre se poden arranxar como se precisan. A familia turra por min decíndome que non «teña reparos» porque pra eles a miña presenza é o que conta, pero ti comprenderás que si non conto con unha modesta independencia económica, terei que morrer tamén no desterro... onde istes impagables irmáns siguen fideles e xenerosos. (Carta do 08/07/1963)

Como un epistolario do exilio, un aspecto relevante das cartas de Virxinia Pereira é o relacionado coas catro formas de atadura social sinalados pola politóloga norteamericana Judith Shklar (Faber 2006):

- obriga ou deber da cidadá (no caso que nos ocupa cara ao país de acollida, Arxentina);
- compromiso ou obriga consciente (coa obra e a figura de Castelao);

- lealdade ou fenómeno afectivo e emocional (como apego á comunidade galega na Arxentina cos seus consecuentes conflitos);
- fidelidade ou apego consciente a outro individuo (cara a Castelao e amigos no seu «farol»).

Ao noso entender, son os dous últimos (a lealdade e a fidelidade) os máis habituais na correspondencia de dona Virxinia, pois no desterro os conflitos de lealdade transfórmanse en máis explícitos e agudos. Tamén destaca o compromiso que, xunto coa fidelidade, fai que a mesma Virxinia Pereira se defina como unha «leona» nunha carta a Ramón Otero Pedrayo datada o 03/07/1951:

A obra artística debe ser depositada toda ela no Museo, xa que a derradeira disposición do seu autor foi de que pasara a ser patrimonio de Galiza, da sua Galiza eternamente soñada, i eternamente desexada. Iste pois, hai que cumprilo como lle digo a Valentín hasta por enriba da mesma lei. Pra defender ise seu desexo, síntome con forzas de leona.

Foi promesa especial que lle fixen ao meu Daniel!

Dona Virxinia considera como a súa última misión de fiel compañeira aquela expresada noutra carta do 16/12/1950: acompañar a Castelao por derradeira vez ata o seu definitivo lugar de descanso, na Terra.

As mostras de lealdade de Virxinia Pereira coa colectividade galega abundan ao longo do epistolario. Así, nunha carta do 15/06/1958 a Ramón Otero Pedrayo únense lealdade e fidelidade:

Baixo o amparo dos «bos e xenerosos» que me queren e respetan, eu non fago máis que seguiilos con afervoadada lealdade, sentindo ao par d-iles, as angurias e inqedanzas da Terra benquerida, e seguindo [...] con fé e sin vacilacións, o camiño, casiqué sempre espiñoso, que nos impón noso deber patriótico. Penso que cumprindo fidelmente ises deberes morales [...] ELA⁴, co meu DOI-DOI, que a levou ben chantada no seu peito adoecido, estarán talvez un pouco contente de min.

Lealdade ata o punto de querer atraer para a Causa á propia María Casares. Estas son as palabras, a propósito da actriz, escritas por dona Virxinia a Otero Pedrayo o 23/12/1957: «Lástima que non esté máis cerca, pois penso que ben «traballada» sería moi util pra Galiza».

A lealdade non estará exenta de conflitos (asunto das bandeiras⁵, Congreso da Emigración de 1965, Xornadas galegas, papel de Cunqueiro...) que non sempre é doado comprender e que Virxinia lle suxire a Ramón Otero Pedrayo cunha palabra

⁴ Maiúsculas no manuscrito orixinal.

⁵ En Axeitos (2003: 46) pode lerse unha crónica do asunto das bandeiras, xa conflictivo en vida de Castelao.

do lunfardo: «chimentos». Esta é a valoración que lle envía a Otero Pedrayo escrita o 26/10/1967:

[...] dende as miñas primeiras andanzas por a Terra (van alá máis de catro anos) xa alisquei con mágoa, que no caletre de moitos que se chaman «nosos» pasando por intelixentes e patriotas, non existe ren, nin bulen os seus afáns, outras inquedanzas que de facer cartos, esquecéndose eisí, das experiencias e inseñanzas tan amargamente deprendidas.

As tres formas de atadura social exemplificadas non impiden que desafogue co amigo arredor da outra forma de atadura: a obriga cara á terra de acollida, Argentina, «magñífico país, que tamén está pasando unha xeira desgraciada». Na mesma carta do 29 de setembro de 1967 explícalle o padecemento pola suba dos prezos nos produtos de primeira necesidade:

A vida impúxonos enormes sacrificios por que os aumentos non teñen fin e o medo vai entrando. Estivemos pagando os hovers a 300 pesos a dúcea aínda que agora baixaron a 130. Os tomates a 300 pesos o quilo as chauchas a 200 e a este tono todo o demais, xa que os impostos pasaron a máis do dobre, pois os teléfonos xa están a 2.200 pesos.

Aínda poderíamos engadir outros elementos presentes nas cartas, e propios da «historia» necesaria das mulleres, que teñen que ver co corpo, coa alma e co traballo doméstico. Co corpo enlázanse os comentarios de dona Virxinia sobre a maternidade tronzada, a idade e as doenzas propias e familiares (caídas, atropelos...); coa alma relaciónanse os comentarios sobre a fe, os temores etc; co traballo doméstico porteñen as súas palabras nas que se deduce que a el se enfronta barilmente (como se dedicou durante a enfermidade do fillo e do home).

O seguinte fragmento dunha carta a dona Fita, datada o 26 de outubro de 1959, resume varios deses elementos, especialmente os relativos ao corpo (doenza propia) e como inflúen no seu ánimo:

Como se que Rosita Puente te contou sobre mi última «hazaña», vale decir, sobre las nuevas fracturas que recientemente sufrí en el brazo derecho, me libero yo de hacerte mas comentarios respecto a tan desgraciado accidente, porque sólo recordarlo me hace enfermar otra vez. Ahora, y pese a estar todavía muy dolorida, ya que solo hace tres días que me sacaron el yeso (cuyo tormento soporté durante mes y medio desde el codo hasta la punta de los dedos) me encuentro libre como un pájaro fugado de su jaula, y con ganas de todo, incluso de escribir, cuando para esto fui siempre una recontra⁶ perezosa. Dejando de lado tan amargo episodio, que con la ayuda de Dios espero no volverá a repetirse, empezaré por decirte, que despues de lo recién vivido meses atrás, y que ahora se me antoja que todo fue un

⁶ Subliñados no orixinal.

hermosísimo sueño, doy gracias al Cielo por la limosna de felicidad que ha querido concederme al contar con vuestra querida presencia entre nosotros. Durante aquél corto, pero maravilloso tiempo en que por saberos cerca mío (como dicen acá) sentí remozado mi espíritu, habrás notado como dejé que la melancólica Virginucha, apurase hasta la última gota de una alegría prestada, y que a plazo fijo habría de perder teniendo que resignarme otra vez a vuestra ausencia mas sensible cada vez. Nuevamente de espaldas a la vida social —que por otra parte ahora sólo me atrae en casos especialísimos como el vivido con vosotros (mentira me parece) vuelvo a concentrar mi amistad en las amigas mas íntimas con quienes me encuentro muy a gusto canasteando y chimentando de todo un poco. (...) Consuelo, la de Vazquez Iglesias, quiere llevarme algún fin de semana a pasarlo con ella en la finca que tu ya conoces. Pero, como para todas estas cosas se necesita tener ánimo, y el mío quedó bastante rompido e rachado desde que sufrí este segundo accidente, hay que recuperarse un poquito para luego decidirse.

3.2. Lingua e estilo do epistolario

Aínda que Virxinia debeu ser educada en castelán e falar ese idioma dende pequena, converterase en neofalante por amor a Castelao. O emprego da lingua galega na correspondencia co seu home comezou en 1934, se temos en conta o manifestado polo rianxeiro a Ramón Otero Pedrayo durante o desterro en Badaxoz (carta do 11/12/1934):

As cartas dos irmáns danme azos para seguir eiquí o tempo que sexa preciso. O cume da miña ledicia foi hoxe ó recibir unha carta da miña muller escrita en galego e ademáis moi ben escrita e con moi bo galego. Craro está que desta vez non lle escribín á miña muller ningunha carta en castelán. (Castelao 2000: 230)

A variedade lingüística de dona Virxinia está próxima á de Castelao, o seu referente idiomático. Trátase dunha variedade enxebrizante ou protoestándar mestura de variedades xeográficas do galego, alternancias do castelán de Argentina e do lunfardo (que moitas veces ela pon de relevo nas cartas mediante subliñados ou explicacións).

En canto ao estilo de dona Virxinia, sobresaie o humor e a pegada de Castelao no léxico («meu pino lanzal», «meu doi doi», «prendiñas», «faroliño»). Mostras do humor retranqueiro de Virxinia Pereira serían as seguintes confesións a Ramón Otero Pedrayo relativas ás súas doenzas e aos excesos nos labores domésticos:

[...] moi solta de corpo, e levada de unha euforia propia dos meus 20 anos (ben cumpridos) púxenme a pintar as paredes do meu departamento e sucedeu o que tiña que suceder despois de tamaña fazaña. [...] En fin, agora todo vai pasando gracias a Dios, prometéndome non volver a deixarme domiñar por ises «impulsos

da xuventude» [...] Privada de poder falar con vos, cando tanto o desexaría, véngome mallando na máquina. (Carta do 23/12/1957)

Ademais da presenza do léxico de Castelao, semella que a concepción literaria e ideolóxica do rianxeiro é asumida por Virxinia Pereira. Iso é o que se deduce nun fragmento dunha carta ao escritor de Trasalba:

Agora, por fin gracias e deus, estamos disfrutando de unhas reparadoras «vacacións» (ben merecidas pois a temperatura entrou en razón). Máis, como cousa boa pouco dura, dicen voces alarmistas de que axiña imos ter a «parrilla» novamente preparada, e que, n-esta volta volta [sic], en vez dos 43 grados van ser 47... Menos mal, de que con este respiriño de agora, podemos repetir o de aquela caricatura do noso Daniel «que mentras o pau sube a baixa descansa o lombo...». (Carta do 18/02/1957)

Sobor da obra *Os vellos non deben de namorarse*, prefiro non falar, porque si meu Castelao contando con bos elementos dirixidos por il mesmo non quedara contento figúrate ti o que habrá saído ahí e sin caretas que precisamente é o máis intresante da obra. Supoño que na Cruña terá saído algo parecido...
A min non se me consultou nada. (Carta do 21/08/1961)

O seu estilo e camaradería (por exemplo no gusto, compartido coas mulleres de Otero Pedrayo e Prada, polas partidas de cartas) revelan unha Virxinia resolta e segura do seu espazo. En 1948 confésalle a Fita, compañeira de partidas no Madrid republicano, a fama do seu vicio polo tute:

Estamos juntas cada día, como estábamos tú y yo en Madrid, jugando como entonces a nuestro tute que no perdonamos por nada ni por nadie. Ya es famoso nuestro tute entre nuestras amistades, y no podemos ocultar a los ojos de nadie este vergonzoso vicio que tanto nos domina. Gracias que sólo jugamos por amor al arte y sin más interés que el «amor» propio, de lo contrario, tedaríamos el repudio unánime de las gentes. (Alonso Montero 2012b: 136)

4. Consideracións finais

Rematamos esta pequena exposición sobre un epistolario do íntimo e do exilio apuntando a importancia de profundar na Virxinia Pereira preocupada pola polis, polo espazo público e polas formas de acción colectiva. A pesar de que á primeira vista as mulleres están confinadas, dona Virxinia Pereira conseguiu circular, saír, viaxar, participar da mobilidade coa axuda dos medios de transporte (algún nocivo para a súa saúde). A viaxe, con maior ou menor sufrimento, tamén foi un modo de emancipación política e persoal. De aí a preocupación retranqueira de dona Virxinia

tras o seu atropelo na penúltima e na última carta remitidas a Ramón Otero Pedrayo:

Eu preciso camiñar firme para seguir tirando da vida. ¡Sería boa si me quedara renga...! Sei, é iso será o de menos, que terei que aprender a darlle «salero» ao pé, pero cousa de días máis ou menos. Cancelados que foron os moitos viaxes que pensaba facer, aí se quedaron todos os proxectos do meu tan esperado veraneo. (Carta do 13/09/1969)

Certo que conto con espírito de abondo contra todas as grandes emocións e toda clase de desventuras, pero esto que me pasou e algo distinto, por cuanto eu preciso dos meus pes, para seguir «tirando» da vida, hoxe máis necesitada que onte. (Carta do 26/09/1969)

O epistolario, como a historia das mulleres, empezou por unha historia das mulleres pasivas para chegar a unha historia das mulleres activas. Esa tamén é a historia de Virxinia de Castelao, pois chega a xestionar os dereitos de autor da obra do seu home, a emitir opinións literarias e teatrais..., e mesmo a reivindicar o Castelao político como se pode ler no seguinte fragmento:

Parece que non esqueceu rên, menos a parte política que a silenciou por cuanto é ahí onde a «porca torce o rabo» sin decatárense de que todo o arte do noso Castelao, dibuxos, escritos, conferencias, etc, etc son esencialmente política. (Carta do 26/10/1967)

Por todo o que se acaba de expoñer é evidente a necesidade da biografía de Virxinia Pereira Renda.

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (2006): *Laio polo irmán ausente. Castelao no epistolario de Otero Pedrayo e outras voces*. Vigo: Galaxia.
- Alonso Montero, Xesús (2012a): *Castelao na Unión Soviética en 1938*. Vigo: Xerais.
- Alonso Montero, Xesús (2012b): «Seis cartas (tres inéditas) de Virxinia Pereira Renda (de Castelao) á familia de Ramón Otero Pedrayo (1948-1957)», *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 15, 127-150.
- Arca Caldas, Olimpio (1999): «As dúas mulleres de Castelao», *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 2, 9-47.
- Axeitos, Xosé Luís (2003): *O exilio galego: un mapa de cicatrices*. Sada: Edicións do Castro.

- Borobó [García Domínguez, Raimundo] (2000): *Daniel, o noso*. Sada: Edicións do Castro.
- Castelao [= Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel] (2000): *Obras 6. Epistolario*. Vigo: Galaxia.
- Dourado Deira, Manuel (1999): *Conversas con Teresa Castelao. Anecdotario dun século de vida*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Faber, Sebastián (2006): «Max Aub, conciencia del exilio», *El Correo de Euclides: Anuario Científico de la Fundación Max Aub* 1, 16-35.
- Gondar Portasany, Marcial (1991): *Mulleres de mortos. Cara a unha antropoloxía da muller galega*. Vigo: Xerais.
- Lopo, Antón (introdución e notas) (2016): *Querido Eduardo. Cartas a Suárez Picallo e Blanco Amor*. Santiago de Compostela: Chan da Pólvora.
- Monteagudo, Henrique (ed.) (1996): *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*. Fundación Castelao.
- Monteagudo, Henrique (2000): *Castelao, defensa e ilustración do idioma galego*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo, Henrique (2014a): «Tres cartas de Castelao e unha de Virxinia Pereira, 1929», *Grial* 202, 81-87.
- Monteagudo, Henrique (2014b): «Castelao alén do mar. Tempo de derrotas. Castelao en Nova York, 1938-1940. II», *Grial* 203, 92-101.
- Neira Vilas, Xosé (2005): *Xentes e camiños*. Vigo: Xerais.
- Otero Pedrayo, Ramón (1980): *A miña amizade con Castelao*. Sada: Edicións do Castro.
- Otero Pedrayo, Ramón (2001): *Por os vieiros da saudade*. Vigo: Galaxia.
- Palacio, Antón (2012): «Dúas mulleres no “Libro dos amigos II” de Otero Pedraio: retallos de dúas amizades», en Bieito Arias Freixedo / Xosé María Gómez Clemente / Gabriel Pérez Durán (eds.), *Sementar para os que veñan: homenaxe a Camiño Noia*. Vigo: Universidade de Vigo, 197-223.
- Paz Andrade, Valentín (2012): *Castelao na luz e na sombra*. Vigo: Galaxia.
- Perrot, Michelle (2008): *Mi historia de las mujeres*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.
- Portela Yáñez, Charo / Isaac Díaz Pardo (eds.) (1997): [*Valentín Paz Andrade*]. *Epistolario*. Sada: Edicións do Castro.
- Salgado, Xosé M. (2001): «Presencia de Daniel R. Castelao na vida e na obra de Ramón Otero Pedrayo. Crónica dunha amizade», en *Congreso sobre Castelao*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 21-52.